


Libro de bosquejos

Portela + Daspastoras

OS HERESIARCAS



Culturagalega.org





INTRODUCCIÓN:

Carlos Portela (guionista) e Das Pastoras (debuxante) son dous autores galegos que acadaron en 2001 o fito histórico de situarse na elite da banda deseñada europea cunha obra titulada "Les Heresiarques" (Os Heresiarcas), unha serie de álbums editados pola prestixiosa editorial Les Humanoïdes Associés. Na edición de 2002 do Salón de Angoulême (Francia), Portela e Das Pastoras presentaron o primeiro libro da saga, "L'Âme creuse" (A alma baleira).

Detrás da versión definitiva de un relato gráfico de xénero fantástico tan extenso como este, quedan incontables debuxos previos e un inxente traballo de documentación realizado por ambos autores. Coa colaboración dos propios creadores e da editorial, Culturagalega.org ofrécete en primicia e en exclusiva, un libro de bosqueños en formato PDF; unha ollada ó "como se fixo", composta de estudos compositivos e deseños de personaxes, nun conxunto de debuxos inéditos que expresan o traballo e talento destes dous creadores.

LIBRO DE BOSQUEXOS





JULIO

Jueves

193-172

7
8
9
10
11
12
1
2
4
5
6
7



IMPORTANTE


JULIO

JULIO

Miércoles


192-173


1




AGOSTO

IMPORTANTE

























JULIO 1877
Miércoles 4
185-180




13 FEBRERO 1877
Martes 44-321









CRÉDITOS



Carlos Portela (Vigo, 1967) é o guionista galego de banda deseñada máis coñecido e prolífico, ademais dun grande experto no medio da arte secuencial. Propietario dunha extensísima bedeteca privada, leva dúas décadas de actividade ininterrompida no mundo da novena arte: desde a participación en publicacións amateurs ("Interlínea"), revistas de análise e crítica ("Krazy Comics"), ata a dirección e locución de programas de radiodifusión (Radio Ecca, Vigo), así como a realización de guiños e presentacións en televisión ("Xabarín Club", TVG). Portela ten traballado con debuxantes diversos como Sergi San Julián ("Gorka") ou Víctor Rivas ("Kami Seeds"), pero especialmente con Fernando Iglesias en obras unanimemente aplaudidas pola crítica como "Impresiones de la Isla" ou na antoloxía mundial "Comix 2000".

Julio Martínez Pérez, "Das Pastoras" (Santa Uxía de Ribeira, 1956) iniciouse profesionalmente como debuxante no mundo da BD a primeiros da década dos 80, gañando axiña a aclamación do público gracias ó seu dominio da acuarela e a súa mestría no deseño anatómico. Das Pastoras ten colaborado en numerosas publicacións ("El Víbora", "1984", "Comix Internacional", "Madriz"). Traballou con diversos guionistas (Fradera, Xavier Roca, Felipe Borrallo, Enrique Abulí) e creou series como "El futuro nuestro de cada día", "Guerreros", "Puzzle", "Canal 44", "Agurio", ou "Kafre". Destaca tamén como humorista gráfico ("Ustedes Perdonen") e como ilustrador ("Policlínico Miserable", portada de Siniestro Total).



Les Humanoïdes Associés é unha das editoras máis relevantes da historia do cómic europeo. Fundada en 1974, comezou a súa andaina con publicacións míticas como a revista *Métal Hurlant* e o álbum "Arzach", de Moebius. Pioneira e promotora da interrelación do cómic con outros medios (animación, videoxogos, Internet, 3D, TV, rol), ten contado nas súas filas con autores da talla de Enki Bilal, Moebius, Alexandro Jodorowsky, Juan Giménez, Dupuy & Berberian, Milo Manara ou Max Cabanes, e desde 1998 está presente de primeira man no mercado estadounidense a través da súa oficina en Los Ángeles. Emprega na actualidade unhas cincocentas persoas repartidas en tres continentes.



Culturagalega.org é un dos portais de Internet emblemáticos no que á cultura galega se refere. Fundado en 2000, trátase dunha iniciativa do Consello da Cultura Galega, institución autónoma dedicada á investigación e promoción de todas as formas de arte e cultura de Galicia. No seo de Culturagalega.org nace en 2001 o exitoso soportal "Banda Deseñada", a páxina de Internet máis importante no tocante á actualidade e historiografía do cómic galego.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA.
Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela